

# Preto dun milleiro de persoas asistiron á recreación da Batalla de Ponte Ledesma

O campo do río de Ponte Ledesma encheuse de público para ver a histórica batalla de Ponte Ledesma. Foron preto de mil persoas as que non quixeron perderse esta recreación organizada polo departamento de Cultura do Concello de Boqueixón.

O evento seguiu os fitos que tiveron lugar nos primeiros días do mes de marzo do 1809. O enfrentamento entre o exército de Trasdeza (conformado na súa grande maioría polos labregos da zona de Boqueixón, Vila de Cruces e Silleda, liderados polo capi-



Veciñanza protagonista da recreación da batalla histórica de Ponte Ledesma

tán Benito Martínez, membro do tamén histórico batallón Literario de Santiago) e o exército de Napoleón.

Baixo a dirección do ac-

tor Suso Martínez, os veciños e veciñas de Ledesma puxéronse os traxes de labregos e lanzáronse contra as "tropas francesas",

representados polos membros da Asociación Cultural Héroes de Casal de Eirigo (Valga).

Este ano, a representación contou cunha estrea: a composición, de oito cadros sinfónicos, titulada "A Batalla de Ponte Ledesma" de Simón Couceiro, veciño da Estrada e músico da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela. A peza foi interpretada pola Banda de Música "Unión Musical Ponteledesma", baixo a dirección de Roberto Hermida. O éxito desta representación histórica augura próximas edicións.



## A noite máis brillante do ano reuniu a máis de 700 persoas

A luz volveu iluminar o río de Ponte Ledesma. A sexta edición da Noite Velada reuniu no campo do río de Ponte Ledesma a preto de 700 persoas,

que non quixeron perder esta cita. Nesta ocasión, a música correu a cargo dos grupos A Banda da Balbina, Raiola e Luz do Ilcinio.

A Noite Velada é unha iniciativa organizada polo Departamento de Turismo do Concello de Boqueixón. Trátase de xuntar de novo a tradición e

a cultura baixo a imaxe dunha ponte histórica, que volveu alumearse coa luz das candeas e as teas, despois das restricións destas últimas edicións.

## Nova edición dos cursos de inglés

Aínda quedan prazas dispoñibles para algún dos cursos de inglés 2022/2023, no CPI Antonio Orza Couto.

As clases, que arrancarán en outubro, terán de duración ata xuño do 2023.

O curso está dirixido a alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria; así como mozos e mozas a partir de 16 anos (incluídos), grupos A2, B1 e B2.

O prezo do curso é de 30€/mes e hai descontos do 25% para o segundo fillo e do 50% para o terceiro (os sucesivos serán de balde).

Máis información no 981 513115 ou en [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com).

# Aberto o prazo de inscrición para os cursos formativos 22/23

Ata o 23 de setembro estarán abertas as inscricións para varios cursos, con duración de outubro a xuño.

As clases do curso de "Novas tecnoloxías" serán por niveis. O primeiro, os martes (15.30 a 17 h) no Forte; e os venres (10 a 11.30 h) en Lestedo. Teñen un custo de 15€/mes. O segundo nivel serán os xoves (10 a 12 h), no Forte, cun prezo de 20€/mes.

"Manexo do móbil" terá lugar de outubro a decembro. As clases, os martes (17 a 18:30 h) no Forte e ten un custo de 15€ ao mes. Mentres, o curso de "loxa e benestar" terá lugar os venres (19 a 20.30 h). Ten un custo de 25€/mes.

Por último, haberá un "Obradoiro de memoria". As clases serán os mérco-



res (10.30 a 12 h) no Forte e os venres (11.30 a 13 h) en Lestedo. Este taller ten un prezo de 15€/mes.

As persoas interesadas

poden inscribirse de forma presencial, no rexistro municipal ou na sede electrónica do Concello de Boqueixón.



## A rapazada voou ata Ibiza

Un total de 30 mozos e mozas dos Concellos de Boqueixón e Vedra gozaron da súa estancia en Ibiza, chea de actividades, excursións e tempo de lecer.



## Acrobacias e maxia co Circo Chosco

Ata 60 rapaces e rapaces asistiron ás instalacións deportivas do Forte para ver o espectáculo de Circo Chosco: "Riscando o ceo".

# A parcelaria en Lamas, Loureda, Sergude e Vigo reorganizará 10.450 parcelas

O Concello de Boqueixón acometerá unha nova concentración parcelaria nas parroquias de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo. Será sobre 10.450 parcelas e unha superficie de 1.961 hectáreas, polo que beneficiará a 1.195 propietarios.

Recentemente, o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, reuniuse co delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, para ultimar os detalles. Esta nova reestruturación parcelaria foi aprobada polo Comité Técnico Asesor, que preside o propio delegado e no que, ademais, participan todos os órganos que puideran ter algunha alegación á realización da reestruturación prosta.

Trátase de conseguir



O alcalde de Boqueixón ultimando os detalles da nova parcelaria co delegado da Xunta en A Coruña

“paliar o minifundismo presente na comunidade galega, dende o punto de vista da estrutura da propieda-

de”, segundo lle indicou o delegado da Xunta ao rexidor boqueixonés. Ademais, na provincia de A Coruña

están previstas seis novas parcelarias. Suporán a reorganización de case 7.000 hectáreas de superficie.



## Boqueixón, Vedra e Teo clausuran o obradoiro de emprego

O obradoiro de emprego para menores de 30 anos *Empregateapp*, compartido con Boqueixón, Vedra e Teo, puxo punto final. O taller estivo centrado en *Programación con Lingua-*

*xes Orientados a Obxectos e Bases de Datos Relacionais*. Un programa que serviu para mellorar as capacidades do alumnado e facilitarles a consecución dun posto de traballo, ao tem-

po que lles permitiu facer prácticas nos tres municipios. O obradoiro contou cunha achega de 369.000 euros por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

A clausura contou co delegado da Xunta, Gonzalo Trenor, acompañado polos alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández, e Vedra, Carlos Martínez, entre outras autoridades.

# CONCILIACIÓN CURSO 2022/2023

## MADRUGADORES E TARDES DE LECER

Os dous programas terán lugar nas instalacións do Forte e do CPI Antonio Orza Couto e darán comezo o 1 de outubro

### Madrugadores

Ofrece un servizo de acollida, coidado e vixilancia antes do comezo das clases. O almorzo será por conta propia ou no seu caso vir almorizados.

### Tardes educativas e de lecer

Este programa ofrece dous servizos en espazos diferenciados, para atender as necesidades escolares, segundo a demanda de cada familia dentro do horario solicitado despois das clases. Esta actividade é compatible cos cursos de inglés.

- **Acompañamento escolar:** os/as alumnos/as realizarán as tarefas escolares diarias con vixilancia e apoio de monitorado especializado e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo.
- **Recreando:** actividade lúdico-cultural cun amplo programa de actividades, obradoiros e xogos...

**DIRIXIDO A:** alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria empadroadado no Concello de Boqueixón e alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

**DURACIÓN:** curso 2022 - 2023.

No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas seguiranse os criterios de baremación e presentarse a documentación requirida.

#### Horarios

Todos os días lectivos do ano, podendo elixir por frecuencia semanal ou días soltos.

- **Madrugadores:** De 07.30 a 09.00 horas.
- **Tardes Educativas e de Lecer:** De 15.30 a 18.30 h.

Os horarios de entrada (madrugadores) e saída (Tardes Educativas e de Lecer) reflexaranse na ficha de inscrición.

#### Inscricións

- Realizaranse desde o 20 de agosto enviando a ficha de solicitude e a documentación: a través da sede electrónica do Concello (solicitude xeral) ou presencialmente por Rexistro.
- Unha vez finalizado o prazo, de quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes seguindo o rexistro de entrada ou inscricións semanais ou por días soltos.

tro de entrada ou inscricións semanais ou por días soltos.

- A documentación que deben achegar xunto á ficha de inscrición:
  1. Declaración da renda do 2021 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.
  2. Documento acreditativo de familia numerosa. familia monoparental, vítima de violencia de xénero (de ser o caso).
  3. Documentación complementaria no caso de que sexa requirida

#### Pagamento

- Realizarase con carácter bimestral e por domiciliación bancaria.
- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

#### Baixas

- Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior a través da sede electrónica ou presencialmente por Rexistro.

Consulta as bases en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

### Descontos

### Prezos das actividades

#### Madrugadores

| Frecuencia de asistencia | Custo mensual |
|--------------------------|---------------|
| 1 día /semana            | 10 €          |
| 2 día /semana            | 20 €          |
| 3 día /semana            | 30 €          |
| 4 día /semana            | 40 €          |
| 5 día /semana            | 50 €          |
| Días soltos              | 8 €/día       |

#### Tardes educativas

| Frecuencia de asistencia | Custo mensual |
|--------------------------|---------------|
| 1 día /semana            | 25 €          |
| 2 día /semana            | 45 €          |
| 3 día /semana            | 65 €          |
| 4 día /semana            | 85 €          |
| 5 día /semana            | 105 €         |
| Días soltos              | 10 €/día      |

|                                                                                                                                                                 |      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|
| Casos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais, familias de mulleres vítimas de violencia de xénero. | 100% |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (564,90€)                                                                               | 100% |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (847,35€).                                                                   | 80%  |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.412,25€).                                                                 | 60%  |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.259,6€).                                                                    | 40%  |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM (3.671,85€).                                                                 | 20%  |
| Condición de familia monoparental, sempre que non supere o 1,5 veces o IPREM (847,35€).                                                                         | 30%  |
| Condición de familia numerosa xeral.                                                                                                                            | 30%  |
| Condición de familia numerosa especial.                                                                                                                         | 40%  |

**Máis información:** 981 513 115 // [cim@boqueixon.com](mailto:cim@boqueixon.com)

# O programa de conciliación Verán Activo e o CIM de Boqueixón espertan interese

As actividades do Verán activo e do CIM de Boqueixón causan expectación. Tanto é así que recentemente a conselleira de Promoción de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, visitou as instalacións municipais do CEIP Antonio Orza e do CIM de Boqueixón. O motivo foi coñecer de primeira man as actividades de conciliación que leva a cabo o concello, así como o labor do CIM de Boqueixón.

Así, a conselleira de Igualdade, acompañada polo alcalde Manuel Fernández, coñeceu o corpo de voluntariado e a rapazada de 3 a 12 anos que estaba a participar no Verán Activo, o programa de conciliación estival do Concello de Boqueixón.

Un proxecto que acolle a máis de 100 cativos e cativas que gozan dun programa lúdico-educativo que inclúe actividades como obradoiros, xogos ao aire libre, aprendizaxe sobre a natureza, etc. Ademais, supón un apoio moi importante para as familias en materia de conciliación da vida laboral e persoal. Neste eido, Manuel Fernández recoñe



A conselleira xunto ao alcalde visitando as actividades do verán activo



A conselleira, María Jesús Lorenzana, cos nenos e nenas do CEIP Antonio Orza



Visita da conselleira ao CIM de Boqueixón

ce que “a conciliación é cada vez máis importante para as familias. Coa evolución do mercado laboral e o modelo familiar este tipo de iniciativas son moi relevantes, tanto en verán como ao longo do ano”.

## CIM de referencia

Tras a visita ao CEIP Antonio Orza, a conselleira coñeceu tamén o Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón, que tamén presta servizo ás localidades de Vedra e Touro. Trátase dun “centro de referencia na zona”, en palabras da conselleira. A súa finalidade é asesorar e axudar a todas aquelas mulleres que precisen información e asistencia en materia de igualdade e violencia de xénero.

Durante o seu percorrido, María Jesús Lorenzana destacou tanto as instalacións como o protocolo de asistencia do CIM de Boqueixón.

A visita contou coa asistencia do alcalde de Vedra, Carlos Martínez; a tenente de alcalde de Touro, Adela Iglesias o deputado da Xunta, Ovidio Rodeiro; e profesionais do CIM e demais corporación municipal.

## “Coidados porta a porta” visita Boqueixón en setembro

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia prestará de xeito gratuíto unha serie de servizos de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria á persoas maiores de 55 anos de Boqueixón os días 22, 23, 26 e 27 de setem-

bro. Trátase do programa “Coidados porta a porta” e prestarase a través dunha unidade móbil que visitará Boqueixón e ofertará:

- Audioloxía: valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva.

- Podoloxía: faise unha consulta básica para valorar o estado do pé, corte e limpeza de uñas, eliminación de durezas..
- Prevención do Alzheimer e outras demencias neuroxenerativas. Un profesional fará unha

valoración cognitiva e dará pautas preventivas e de minoración do deterioro.

Máis información e cita previa no teléfono 622 748 283 ou a través do mail: [coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal](mailto:coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal).

## Xa se poden solicitar as subvencións para as entidades sen ánimo de lucro

Está aberto o prazo para solicitar as subvencións para entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón, desde ano 2022. O prazo remata o 16 de setembro.

Así, destinaranse ata 16.000 euros a esta acción, sendo 1.000 euros o importe máximo que poderá percibir cada entidade.

O obxectivo principal desta convocatoria consiste en outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de programas ou proxectos de actividades e investimentos, levados cabo por ditas entidades dentro do Concello de Boqueixón, coa finalidade de promover e dinamizar a participación da veciñanza e do tecido

asociativo a favor dos intereses do municipio.

A tramitación será integramente telemática a través da sede electrónica do concello (subvencións) polo que a documentación terá que vir asinada dixitalmente estando o/a presidente/a da asociación en posesión do certificado dixital de representante da entidade.

A solicitude será presentada polo representante legal da entidade ou persoa en quen delegue e a persoa que ocupe ese cargo terá que constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións. Deberá cubrirse nos modelos normalizados que figurarán na sede durante o prazo de presentación de solicitudes.



### Ler na piscina, para todos os públicos

A bibliopiscina foi un éxito este verán. Usuarios de todas as idades realizaron diversas actividades de animación á lectura.



### Ó Titiribaile fascina a maiores e pequenos en Boqueixón

Preto de 30 persoas asistiron ao espectáculo de Ó Titiribaile, de Erica González e David Castro, «A sala de catapúm chim pun», nas instalacións anexas á piscina municipal.



### Case un milleiro de peregrinos nun día

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernandez Munin, recibiu ao peregrinos do Camino Miñoto Ribeiro que participaron na Peregrinación Europea da Xuventude e que pasaron a noite nas instalacións municipais de Lestedo e do Forte antes de chegar a Compostela.



### Música e comedia xestual con Píscore

O Concerto singular de Píscore, baixo a dirección de catro músicos con 16 baquetas e unha marimba causou sensación, entre os asistentes ao campo da feira de Lestedo.

# Anacos do noso “Toponimizate” cos nomes de Boqueixón e das súas parroquias

Queres coñecer o significado dos nomes de Boqueixón e das súas parroquias? Acompañanos neste paseo pola nosa semántica.

Imos empezar, como non podía ser doutra maneira, adentrándonos en **BOQUEIXÓN**. Din que está ligado ao Pico Sacro, concretamente a existencia dunha boca tallada na rocha do monte. Alude ao paso de San Xoán da Cova, fenda de 117 m. de desnivel que chega ata o río Ulla. Neste eido, compre destacar que topónimos como Boqueiro e Boqueira son abundantes en Galicia. Refírense a ocos ou buratos polos que se atravesa unha parede, unha montaña rochosa, ou por onde entra ou sae a auga dunha poza ou canle.

Agora, repasamos máis vocábulos da nosa contorna rural.

## CODESO

O fitotopónimo creouse a partir do fitónimo codeso, denominación da planta arbustiva: *Adenocarpus complicatus*. Podería ter un valor abundancial, xa que hai moitos destes arbustos pola zona.

## DONAS

A forma plural vén do latín medieval *domna*, redución da forma clásica *domina* ‘señora’. Un termo sinónimo de monxa freira, na Idade Media. Pode facer referencia ás fundadoras ou propietarias das fincas e poboados, orixe da actual parroquia.

## GASTRAR

Pode ter orixe xermánica *Wistrarius/Vistrarius*, formado polo gótico \**wistr-* ‘oeste’ e *-arius*, do gótico *harjis* ‘exército’.

## A GRANXA

Do latín vulgar \**granica*, adxectivo de grana ‘gran’, a tra-



vés do francés *grange* e do termo medieval *grangia*. Na Idade Media *media media* era unha explotación agrícola dependente dun mosteiro, dedicada sobre todo ao cultivo de cereais.

## LAMAS

Plural de lama, voz latina ou prelatina co significado de ‘charco, pantano, lodazal’. Segun contan é un substantivo de orixe prerromana, que co seu valor xenérico designa ‘terreos húmidos’.

## LEDESMA

A orixe deste topónimo é variada. Uns din que pode ser un termo paleo-

uropeo ou ligado ás moedas celtibéricas. Tamén, está quen considera que Ledesma é un topónimo en superlativo, ‘terra moi ampla, moi ancha’.

## LESTEDO

De orixe incerta, Lestedo sería unha disimilación de aresta (dunha herba aresta > herba lesta), segundo investigadores. Tamén emparentan este termo co vasco *lasto* ‘palla’, polo que consideran o termo de orixe prerromana, quizais dun \**lista*.

## LOUREDA

O nome da parroquia constitúe un fitotopónimo. Proven do latín clásico *laurus* ‘loureiro’ mais o abundancial *-eta* > *-eda* ‘lugar

onde abundan os loureiros’.

## OURAL

Se ben é certo que a súa orixe non representa un derivado de ouro nin do latín *aura* ‘brisa’, algúns afirman que provén dunha raíz hidronímica prelatina \**aura* ‘auga’ mais o sufixo *-al* (lugar onde abunda algo).

## POUSADA

Porcede do latín *pausata* ‘pousada’. Lugar en que se fai unha pausa no camiño (hospedaxe) e se ‘pousan’ os fardos. Os dicionarios definen pousada como ‘hospedaxe de características modestas onde habitualmente se aloxa xente que vai de paso’. Neste senso, se existiu algunha pousada na parroquia, puido ser esta circunstancia á que podería ter motivado o topónimo.

## SERGUDE

Segundo din, Sergude deriva o topónimo do antropónimo *Sisegutus* | *Sisegudus* | *Sesgulo*. A raíz *Ses-* emparentase co xermánico *sisu* ‘canto fúnebre’, orixinariamente ‘encantamento, maxia’; a transformación *Ses-* en *Ser-* produciuse por rotacismo.

## SUCIRA

Pode considerarse que o étimo do topónimo lémosto na expresión \**Sub-cira* ‘ao pé do (monte) Cira ou ‘debaxo do monte Cira’. Así, o termo *Cira* viría, dunha raíz \**kei* ‘cor’ mais *-ria*, que daría lugar a un suposto \**Ciria*, do que derivaría *Cira*, parroquia de Silleda.

## VIGO

A etimoloxía do nome da parroquia achámolo no substantivo latino *vicus* ‘vivenda rural, rúa, aldea, poboado’.

Campaña “Toponimizate” 2017 Secretaría Xeral de Política Lingüística - RAG

# O Pico Sacro acollerá unha xornada de astronomía o 30 de setembro

Boqueixón acollerá o venres 30 de setembro unha xornada gratuítida de Observación da Lúa crecente no que se poderá visionar xúpiter, saturno e estrelas dobres.

O Pico Sacro será o lugar para o desenvolvemento desta actividade, que comezará ás 20.30 horas. O taller será impartido por integrantes do equipo do Observatorio Astronómico Ramón María Aller (OARMA) da USC.

Esta cita astronómica está organizada polo Departamento de Educación e Cultura do Concello de Boqueixón, en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller e Turismo de Galicia –dentro do programa O Camiño das Estrelas. As estrelas do Camiño, O teu Xacobeo–.

Para participar hai que anotar-

se no Departamento de Cultura, no 981 51 31 15.

## Centro de Interpretación

Continúa aberto o Centro de Interpretación do Pico Sacro, emprazado en Lestedo.

Pódese visitar os venres, sábados e domingos, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 19:00 horas.

O Centro de Interpretación do Pico Sacro ocupa a antiga casa reitoral da parroquia de Santa María de Lestedo.

Na planta baixa acolle a oficina de turismo e unha sala de audiovisuais. Ademais, conta cunha exposición permanente: "O Pico Sacro nos dominios da raíña Lupa.

O Centro de Interpretación estará aberto ata o 16 de outubro.



## AXENDA DO MES DE SETEMBRO

Sábado  
3

### Encontro de maiores

**Polideportivo do Forte. 12.30 horas.**  
Haberá agasallos, sorteos e, realizarase unha homenaxe ás persoas de maior idade do concello.

Domingo  
4

### Espectáculo

**Campo feira Lestedo\* 12.45 horas. De balde.**  
O mago Paco presenta "Hocus Pocus".\*No caso de choiva, será no baixo do local social de Lestedo.

Venres  
30

### Astronomía

**Pico Sacro. 20.30 horas. De balde.**  
Observación da Lúa crecente e os astros, dirixida polo equipo do Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC.

Domingo  
4

### Roteiro

**Pico Sacro. 09.30 horas. De balde**  
Ruta guiada, "Unha volta ó Pico" pola contorna do Pico Sacro. A saída, dende a igrexa de Santa María de Lestedo.

Sábado  
24

### Espeleoloxía

**Cova Pico Sacro. Varias horas. 15€.**  
COMPLETAS as visitas guiadas por instrutores da Federación Galega de Espeleoloxía.

Domingo  
2

### Espectáculo

**Casa da Cultura de Camporrapado. De balde. 17.30 h.**  
Espectáculo "Top Manta", da compañía Fulano, Mengano e Citano. Unha comedia crítica e satírica.

## e en outubro...

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 cim@boqueixon.com  
CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com  
Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com  
Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com